

Circe Penélope

Dunha historia contada
noutra lingua

MARGA ROMERO

Está é unha grande novela. Magnífica. *Circe ou o pracer do azul*, construída con sabedoría, cunha lingua literaria que é unha regalía para os sentidos, un acerto que marabilla e engaiola desde o inicio, que reconforta. Hai tempo que non lemos nada semellante e o gozo desta lectura compárase cando hai anos descubrimos libros e autoras que nos abrían outros mundos ao dárenlle a man a personaxes que até o daquela semellaban non ter voz. Penso en *Amantia* (1982) de Queizán, mais tamén en Jean Rhys que nos permitía coñecer en *Ancho mar dos sargazos* a historia "verdadeira" de Berta Mason, a muller tola que asoma en *Jane Eyre*, ou en Christine Brükner e en *Wenn du geredest hättest Desdemona* ("Se tiveses falado, Desdémona") ou en Angela Carter que re-escribiu mitos e contos, para re-pensarmos a literatura clásica e a tradicional. O libro de Begoña Caamaño segue un dos camiños iniciados pola literatura feminista o da metaficción historiográfica, na que se nos volve contar unha historia desde outro punto de vista diferente, tan posíbel como o oficial-patriarcal. Dálle voz á fiel Penélope e á feiticeira e malvada Circe, por medio dunha relación epistolar entre as dúas mulleres e da amizade que nace a través da palabra escrita e da historia de "elas" que se desvela con mesura. Así comprendemos os poderes de Circe "temidos en todo o mundo" e a prudencia de Penélope, loada máis alá das fronteiras de Itaca. Mentres redescubrimos a "verdade" que agocha a sorte sufrida por Medea, Helena, Clitemnestra ou de Andrómaca. Unha viaxe clásica na que se vai aprendendo, como di Penélope: "Soñar tamén é un xeito de andar camiños, miña señora, sobre todo para aquelas ás que a aventura de navegar nos está aínda vedada". Camiños que son andados ao longo destas páxinas en que Uli-



ses descobre á muller, Circe comprende as razóns e a renuncia ao amor de Penélope, quen finalmente

aprende do amor entre iguais a navegar. Contra o que se poida pensar, nada é obvio, estamos ante un libro magnífico, no que non só se favorecen os intereses das personaxes que falan por si mesmas, tamén daquelas como Laertes, que desexa falar coa súa propia voz e non cunha linguaxe imposta ou agardada. Laertes quen nas honras fúnebres de Anticlea, se atreve a dicir: "(...) que gran rei serías con tan só naceres varón". Ler este libro é un gozo, semellante ao que sentimos lendo hai anos *Malina* de Ingeborg Bachmann ou *Cassandra* de Christa Wolf, non se podía rematar mellor o ano. Ben podemos beixar a autora nos ollos.

CAAMAÑO, Begoña, *Circe ou o pracer azul*, Ed. Galaxia, Vigo, 2009, PVP 17 €